Ramón Otero Pedrayo, un "mestre" para o poeta Antón Zapata García

MIRO VILLAR

O polígrafo Ramón Otero Pedrayo (Ourense 1888-1976) foi un "mestre" para moitos escritores galegos de diversas promocións ou xeracións, entre os que se atopa o poeta emigrante Antón Zapata García (Laxe, 1886-Buenos Aires, 1953), quen recoñeceu esa débeda en varias ocasións e tamén gozou dunha alta estima e consideración polo ourensán.

O primeiro testemuño da admiración de Antón Zapata está na dedicatoria "A Ramón Otero Pedrayo, / pol-o ben que sementa en prol da Nazón Galega" que fixo constar cando se publica o opúsculo *Edoardo Pondal: Alma, Sentimento e Libertá da Terra Galega. Conferenza pronunciada por A. Zapata García, o 5 de Xunio de 1930, no "Orfeón Español", con motivo do grande homaxe que lle rendío ô nobre bardo Gundar a Sociedade Nazonalista "PONDAL", logo de se compril-o 13 aniversáreo da súa morte*.

E segundo podemos ler nunha Nota dos Editores: "Esta conferenza foi pubricada no periódico *A Fouce* o 15 de Xunio de 1930".

En realidade, apareceu por entregas en dúas publicacións: *A Fouce* [nº 15, 1 de xullo de 1930] e *Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión [nº 57, agosto-setembro de 1930; nº 58, outubro de 1930; nº 59, decembro de 1930 e nºs 60-61, Buenos Aires, xaneiro-febreiro de 1931]. Nesta última publicación leva os seguintes preámbulos:

"Por crêla de outo intrés pr-ôs leitores das follas d'ALBORADA, hénos gasalleiro pubrical-a conferenza que, encol do tíduo que vai d'avante, fui lida pol-o noso consóceo, Antón Zapata García, no "Orfeón Español", na nuite do 5 de Xunio derradeiro.

Veleiquí a nomeada primícea que tan outadamente fala da Nosa Terra —a través dos redenzores versos do poeta de Bergantiños— nas tres caraiterísticas xa denantes consiñadas, ou sexa: Alma, Sentimento e Libertá" (*Alborada* 57, Buenos Aires, agosto-setembro de 1930).

"Continuazón da conferenza que dou o noso consóceo Antón Zapata García, no "Orfeón Español", o 5 de Xunio, diante un milleiro e medio de oíntes" (*Alborada* 58, Buenos Aires, outubro de 1930).

"Seguimento da conferenza que dou o noso consóceo Antón Zapata García, a câl merecéu outos alaudos do xornal "El Diario Español", do periódico "A Fouce", e do profesor da Universidade da cibdá de La Plata, doitor don Augusto Cortina Aravana, que é, hastra oxe, o mellor comentarista sóbor das obras da nosa Santa Pomba, Rosalía Castro de Murguía" (*Alborada* 59, Buenos Aires, decembro de 1930).

"Terminazón da conferenza cuia cópea n-estas follas nos fui aitorizada pol-o seu aitor, o noso conterrán Antón Zapata García" (*Alborada* 60-61, Buenos Aires, xaneiro-febreiro de 1931).

A admiración vai ser recíproca, xa que a finais de 1930 vai ver a luz o primeiro texto en importancia sobre a obra poética de Zapata, un artigo que publica o propio Ramón Otero Pedrayo nas páxinas do xornal vigués *El Pueblo Gallego* 2035 (Vigo, 11-X-1930). Foi reproducido meses máis tarde na revista *Alborada*, da ABC de Corcubión 64, Buenos Aires, xuño de 1931. Na súa sección "Prosas galegas" o polígrafo ourensán escribe o artigo "Un poema de A. Zapata García", no que se amosa entusiasmado pola composición "A Gaita" que se viña de publicar na revista *La*

Miro Villar é profesor de lingua e literatura galegas, poeta, narrador, tradutor e crítico literario.

Temporada de Mondariz (nº 5, 6-VII-1930). E tamén en *A Nosa Terra*, Idearium das Irmandades da Fala, A Coruña 277 (1-XI-1930). *Alborada*, Revista da ABC do Partido de Corcubión, Buenos Aires 64, xuño de 1931) e que merecera unha mención especial no Certame organizado polo Centro Gallego de Montevideo. Impresións que Otero Pedrayo rememorará tamén no prólogo escrito para *A Roseira da Soidade* (1954), o poemario póstumo de Antón Zapata García.

No epistolario entre o poeta e Xosé Filgueira Valverde, que na altura estaba a preparar unha *Escolma da Lírica Galega* para o Seminario de Estudos Galegos (SEG), proxecto fanado pola guerra civil, aparece o nome de Otero Pedrayo nunha declaración que realiza na súa primeira carta (8-II-1936) como resposta a un inquérito que tiña que responder a un esquema previo facilitado por Filgueira Valverde e contemplar unha valoración sobre a "Lenguaxe", que debería incluír datos sobre a "Rexión da nosa terra onde se afincan os seus modos de espresión" e sobre as "Preferencias na dialectoloxía galega e criterio ortográfico". A resposta de Zapata neste apartado é:

> O idioma que falo dende o colo da miña nai —"ouh, língoa ôs meus sentidos docîsma máis que a mel"—, (eisí dixo o catalán Aribau na oda "A Patria"), é o das terras de Bergantiños e de Xallas —a mariña e a montaña—, pois, Laxe, vila onde nacín —remárco o dîto—, abrangue âs dúas rexas voces dos antenados; voces que, consideiro, fono as que a Pondal lle deron o seu incomparábel modo eispresivo, único, e que tanto infruxo oguipo [*sic*] nos poetas galegos, especialesmente no López Abente, Cabanillas Enríquez e Taibo García; e, tamén, na prosa, no Otero Pedrayo.

Anos máis tarde, nunha xeira de conferencias que realiza en 1947 na diáspora, convidado polo Centro Gallego da capital arxentina, Ramón Otero Pedrayo sente unha leve indisposición pola que o polígrafo ourensán ten que ser internado nun hospital. Son moitas as visitas que recibe, entre elas a de Zapata, como vai lembrar anos máis tarde o propio Otero no extenso prólogo do libro *A Roseira da Soidade*. Velaí:

> Do meu amigo de amizade confirmada unha mañán do griseiro inverno austral do 1947 cando me visitóu en Bós Aires estando éu doente por unhas horas no leito. Dinantes de decir seu nome, decatéime por as primeiras falas quén era. Tratóu na sua conversa dos paxaros mariños e das longas procelas da costa dura en peito guerreiro arquexada dende a torre de Breogán ao Touriñán e Fisterra, dos antigos da sua xinea navigantes dendes Corme á Prata en naus veleiras, dos tremorosos silenzos xermoladoiros botados por a sombra podente do nome e verso de Pondal sobor das praias e das almas... Falamos dos amigos...

Esta amizade había continuar en anos posteriores. De feito, cando o poema "Loubanza ao grau de millo" (unha ducia de sonetos con cadanseu título: Grau de millo, Sementeira, Grade, Milleiral, Colleita, Escasula, Agros desertos, Hórreo, Moíño, Artesa e forno, Fornada e Pan de broa) aparece publicado en *A Nosa Terra* no ano 1948 (a razón de catro sonetos nos números 461, 462 e 464), sempre levaban esta dedicatoria desapareci-

da na edición do libro: "A Ramón Otero Pedrayo, no fondo agarimo á Nai Terra Galega".

Porén, anos despois, cando se publica o poemario *A Roseira da Soidade*, Otero Pedrayo asina un longo e entusiasta prólogo, un texto que se virá obrigado a refacer ao coñecer a morte do poeta e ao que vai poñer remate no mes de nadal de 1953. Sabemos que foi escrito a pedimento do editor Manuel Roel Longueira, pois así se sinala na correspondencia entre o editor e o poeta de Laxe. A primeira carta está datada o 18 de febreiro de 1953 e nela Antón Zapata desculpa o seu longo silencio na relación epistolar que mantiñan desde que Roel Longueira regresara a Betanzos en 1950, sinalando que desde o "pasado mes de xuño de 1952: paséi seis meses no leito, de abondo enfermo e doorido" e que agora debe facer fronte a un estrito réxime alimenticio. Zapata agradécelle a Roel "todo canto vostede fixo a prol meu diante dos siñores Otero Pedrayo, Carré, e Vales", do que se pode deducir que todos tres tiveron algo que ver no proceso de edición.

Porén, a repentina morte de Antón Zapata atrasaría ata as primeiras semanas de 1954 a aparición de *A Roseira da Soidade*. Ramón Otero Pedrayo confesa no "Prólogo" que recibira o encargo de Roel para escribilo a mediados de xullo e que pouco despois chegara outra carta, datada o 3 de agosto, na que o betanceiro lle comunicaba a morte de Zapata. Otero Pedrayo escribe as súas palabras "con dóor e ó tempo con serea legría" nos "comenzos do Nadal", tendo na lembranza "unha mañán do griseiro inverno austral do 1947 cando me visitóu en Bós Aires estando éu doente por unhas horas no leito", para logo debruzarse na análise da lírica zapatiana, salientando as pegadas de Pondal, Cabanillas e o bretón Tristán Corbière.

Finalmente, en 1952, novamente Ramón Otero Pedrayo fai unha referencia ao seu labor poético en dous parágrafos do seu artigo "A República sin leis dos poetas e dos artistas", recompilado no libro *Por os vieiros da saudade* (Vigo: Galaxia, 1952. Existe unha reedición, *Polos vieiros da saudade. Lembranzas e crónicas dunha viaxe a Buenos Aires coleccionados.* Luís G. Tosar, ed. Vigo: Galaxia, 2001), no que ademais de lembrar a Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela e o pintor Colmeiro, tamén evoca a forma como coñeceu o noso poeta, cando Otero, de xira por Buenos Aires, estaba convalecente, aproveitando para engadir un breve xuízo crítico da súa obra poética:

> Unha mañá das finamente chicoteadas por o ventiño dos restríos, un pouco doentes, cun primeiro lóstrego de febre e a necesidade de desenrolar no serán unha das conferencias principás da nosa xeira, estábamos no leito, xa tardeiro, cun sosego inquedo, cando entróu un home rexo, grave, de falar de caste dos bós de Bergantiños. Era, de antigo, noso amigo sin télo nós enxergado nunca. Un poeta da torgueira dos renovos e agromares podentes e doncelas. Non albriño abraiado ó ser posto no foio do pomar literario. Falaba do vivir dos mariñeiros de Laxe, dos antigos navigantes a vela que ás veces con unha boa "popada" púñanse no termo dun mes en Buenos Aires, de Pondal alancando por as beiras do río "que íl máis amóu de todos", do canto do alción nas estesas praias desertas ó anoitecer. Era Antón Zapata García. Levaba xa tempo en Buenos Aires. Un vivir forte, independente. A épica do Roncudo e o longo pranto ou o himno dos pinales, alboradeiro, non foron escala de lirismo desglosado da hora para iste poeta dono do momento, con forza, vontade e humorismo para coller a vida por os cornos como unha xunca brava.
> Despois houbo outros poemas de Zapata, unha obra tecida, como dín, fortemente cos temas da loita fadal do mundo. Nós gardamos o acento e a verdade galega, dos anacos de poemas maquiados na conversa de Zapata, na soia, para nós venturosa, ocasión de nos ver e falar.

Tres anos despois, Francisco Fernández del Riego non dubida á hora de incluír a Zapata na súa *Escolma de poesía galega. Os contemporáneos* (1955) e alí sinala: "Pouco antes de se finar dira remate ó libro de poemas *A Roseira da Soidade*, que agora foi editado". A antoloxía sempre inclúe autopoéticas dos autores vivos, porén o recente pasamento de Antón Zapata obriga ao compilador a reproducir como Poética do autor un fragmento do citado artigo de Otero Pedrayo "A República sin leis dos poetas e dos artistas".

Finalmente, polo seu interese, xa que daquela Ramón Otero Pedrayo aínda non coñecía en persoa a Antón Zapata, reproducimos ao completo aquel primeiro artigo de 1930.

Prosas galegas. Un poema de A. Zapata García

Quixera escribir hoxe no principiar do outono un artigo que me rebule nas mentes dende os medeados do vrán. Entón, nos lameiros de trebo, o pasar levián das fadas da noite frolecía as costelaciós do ceo vexetal correspondente ó ceo estrelecido. Pol'o seo verdecente dos milleirals bulía a yauga da rega i-os montes figuraban erguerse e frotar nos quentes ouros do sol. Outras veces era â beira do mar.

A badía toda ronselada mantiña vibraciós de lus que non se sabía si viñan dos fondos mistereosos onde deitan fontelas descoñecidas, deseguida amar-

Auschwitz

guradas pol'a crudelidade salgada do mar, ou si era a lumiosidade do día conquerida e gardada pol'as augas amantiñas. Outras, a comba de peito valente da mar aberta. E sempre enmeigado nas paisaxes galegas sentía a lembranza do poema de Antón Zapata García faguéndome compaña, pois n'il canta nos versos e n'ises espazos fondos que fican entre verso e verso pra qu'os encha a evocaceón a música do gaiteiro. Do Orfeu galego.

Agora as esenzas do outono —alquimia do sol, danza de velos das brétemas, mágoas no espríto dos arboredos— fan ainda máis urxente a presenza do noso Orfeu. O antigo, o primeiro chantre do mundo, asegún dicían os comentadores retóricos, guiaba as feras i-erguía ordeadamente as pedras das vilas. O gaiteiro fálalle ôs homes d'unha raza fina, esprimentada n'unha paisaxe humán todo il fogar do esprito, i, asegún toca, eispresa primitivismo e requintamento, lembranza i-espranza, forza e matís.

A gaita desque se fai profesional e se afoga en locales pechados, ten amingoado un pouco do seu prestixio. Na campía e na aldeia hai sempre no silenzo vexetal e cósmico ou no balbordo de augas, ventos e traballos, un tema de gaita. Todo poeta galego —recordamos ô ademirado Amado Carballo— ten moito de gaiteiro, guiador e ceibador do que d'outro xeito ficaría prisioeiro. No poema de Zapata vai engayolada e decorrente ispiraceón gaiteira.

Eu quixera chamar a atenceón encol d'iste fermoso poema pouco coñecido. Ten o pular valente dos grandes devanceiros do dazanove i-unha feitura, non sei si antiga ou nova, na que se tecen as verbas collidas das mans cruzadas nas anzas étnicas ou locen soltas e soilas todo o seu valor musical i-evocador. A gaita do celta Ourente, do simbóleco nome belido recolle todal'as esenzas da paisaxe e da raza, duas palabras que na Galiza sempre camiñan xuntas.

Horas de mañán e de noite, solpores mariñeiros, horas decorridas ô agarimo dos amieiros fluviales, horas ledas de noivado, horas magoentas de nai doorosa, na Alborada e na Muiñeira, as duas cousas indiscutibres da nosa Terra. Zapata lonxe d'ela soupo abranguela n'iste poema que ficará como unha pura e belida ofrenda, acarón dos mal chamados clásicos. E digo mal chamados porque nas nosas letras verdadeiras o sentimento de mocidade i-a grandeza sinxela da ispiraceón non deixan que coalle ningún tiráneco e demarcado academismo de modelo.

Otero Pedrayo, Ramón (1988). "Un Poema de A. Zapata García". *Prosa miúda. Artigos n*on coleccionados (1927-1934). Ed. de Aurora Marco. Sada: O Castro. 83-84. [O artigo publicouse en *El Pueblo Gallego* 2035, Vigo (11-X-1930) e en *Alborada* 64, Buenos Aires (xuño de 1931) ■